

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 28 de outubro de 1960 foi aprobado o Consorcio que para o monte "RETORNO", LU-3166, como pertencente á parroquia de Noceda, subscribíran o Concello de Das Nogais e o Patrimonio Forestal do Estado.

2º.- Que en sesión celebrada o 19 de Xaneiro de 1976 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "SERRA DE MONTEIRA", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Dorna, parroquia de Noceda, Termo municipal Das Nogais. Publicado dito Acordo no B.O. da provincia nº 68, do martes 23 de marzo do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

3º.- Que o 14 de xaneiro do ano en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por esta reunida en Asemblea Xeral o 15 de setembro de 1996, acordou a súa vez:

-propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que incluíse as 9 Hás. da súa propiedade, actualmente consorciadas como monte "RETORNO" e a 7 Hás., rasas na actualidade, que aportan de novo.

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anule e substitúa o Consorcio do monte "RETORNO" e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

4°.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior, a repoboación das superficies que agora se aportan, a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas ou das que se creen no futuro, do seu aproveitamento e a execución das obras complementarias e auxiliares concordantes con tales fins.

5°.- Que o novo monte "SERRA DE MONTEIRA" queda constituido por:

9 Hás. do monte "RETORNO", LU-3166 e
7 Hás. rasas.

6°.- Que as superficies do monte "RETORNO", LU-3166, eran:

superficie total.....	24 Hás.
superficie repoboad.....	23 "
superficie inforestal	1 "

Como o monte "RETORNO", 2715868, pasaron:

superficie total.	15 Hás.
superficie repoboad.....	14 "
superficie inforestal.....	1 "

as actuais e as que pasan o monte "SERRA DE MONTEIRA", son:

superficie total	9 Hás.
superficie repoboad.....	9 "

E como a Comunidade aporta:

superficie total	7 Hás.
superficie rasa forestal.....	7 "

as superficies actuais do novo monte, serán:

superficie total.....	16 Hás.
superficie repoboadada.....	9 "
superficie rasa forestal....	7 "

7°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "RETORNO", LU-3166.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

O 31-12-1996:	4.944.987.-Ptas.
pasados m/"RETORNO", 2715868.	3.009.992.- "
saldo actual:	1.934.995.- "
o 31-12-1976, ano en que se clasificou como en man común o monte --	
pertencente á Comunidade de Dorna.	80.925.- "

A ter en conta confome coa Disposición Adicional Segunda da lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

9 x 1.934.995.-Ptas. - 9 x 80.925,-Ptas. 1.903.329.-Ptas.
9 23

b) Ingresos:

o 31-12-1996:	288.000.-Ptas.
pasados m/"RETORNO", 2715868.....	32.870.- "
saldo actual:	255.130.- "

8°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "RETORNO", LU-3166, pasan a do Convenio do monte "SERRA DE MONTEIRA", son:

a) GASTOS:

traballos:	1.903.329,-Ptas.
administraciçon: <u>7,85</u> x 1.903.329Pts.	149.411,- "
gardería; 9 Hás. x 950.-Ptas./Ha.	<u>8.550.- "</u>
<u>TOTAL GASTOS.</u>	<u>2.061.290.-Ptas.</u>

b) INGRESOS:

9 hAS. x 255.130.-Ptas. 255.130.-Ptas.

9 Hás.

TOTAL INGRESOS 255.130.-Ptas.

9°.- E que a conta de gastos do Convenio do monte "SERRA DE MONTEIRA", se abrirá cun saldo de:

2.061.290.-pesetas - 255.130.-pesetas = 1.806.160,-Ptas.

Á vista de todo elo, esta Xefatura proponlle a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "SERRA DE MONTEIRA".

Elenco: 2715875.

Superficie: 16 Hás.

Pertenza: Comunidade de Dorna.

Termo municipal: As Nogais.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta do Convenio do monte "SERRA DE MONTEIRA", 2715875, se abra cun saldo de 1.806.160,- pesetas, sin prexuício dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "RETORNO", LU-3166, con posterioridade a data do seu peche.

3°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome: RETORNO.

Elenco: LU-3166.

Superficie: 9 Hás.


Pertenza: Parroquia de Noceda.

Termo municipal: As Nogais.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 1997.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Plácido Baamonde

Asdo.: Plácido Baamonde López.



V.º B.º

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de firma dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños de Dorna propietaria do Monte Veciñal en Man Común "Serr de Monteira" ubicado no concello de As Nogasis, integrado por 9 Has. do monte Retorno (quedando anulado o consorcio que le afecta LU-3166), e 7 Has. rasas sin consorciar e a vista dos informes favorables, emitidos pola Sudirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 1997.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'J. T. Rocha'.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio coas seguintes características:

Nome: "SERRA DE MONTEIRA".

Elenco: 2715875

Superficie: 16 Ha.

Pertenza: Comunidade de Dorna

Termo municipal: As Nogais

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interes sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "SERRA DE MONTEIRA", 2715875, se abra cun saldo de 1.806.160,- pesetas, sin prexuício dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "RETORNO", LU- 3166, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome: "RETORNO".

Elenco: LU-3166

Superficie: 9 Hás.

Pertenza: Parroquia de Noceda

Termo municipal: As Nogais.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL;



Asdo. Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5875
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecientos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ Orde de 13.12.1993.

Da outra, D. **ELISEO PEREZ SANTIN** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"SERRA DE MONTEIRA"** segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **28 de Outubro de 1.960** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Dorna, parroquia de Noceda, termo municipal de As Nogais**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"SERRA DE MONTEIRA"**.

Termo municipal: **As Nogais**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Dorna, parroquia de Noceda, termo municipal de As Nogais.

Límites: PARCELA I.-

N.: N.- Monte "RETORNO", 2715868;
L.: L.- Mais monte da Comunidade de Dorna e propiedades particulares;
S.: S.- Mais monte da Comunidade de Dorna e propiedades particulares e
O.: O.- Monte "RETORNO", 2715868.

PARCELA II.-

L.: N.- Propiedades particulares;
L.: L.- Propiedades particulares;
S.: S.- Termo municipal de Pedrafita do Cebreiro e
O.: O.- Mas monte da Comunidade de Dorna.

Superficie: 16 (DAZASEIS) Hás.

Estado forestal: 9 (NOVE) Hás. repoboadas e 7 (SETE) Hás. rasas forestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 9 (NOVE) Hás.

Sen vexetación arbórea: 7 (SETE) Hás.

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Dorna, parroquia de Noceda, termo municipal de As Nogais

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 9 Hás. do monte "RETORNO", LU-3166.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subúntase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris e P. pinaster nas zoas rasas na actualidade.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "SERRA DA MONTEIRA", veciños de Dorna, parroquia de Noceda, concello das Nogais.— Rexistrados co nº 0403 — Data de rexistro 15-11-93.

2.— Que, así mesmo, figura Don ELISEO PÉREZ SANTÍN, e Don MANUEL VEIGA RODRÍGUEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6 04-11-97.

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 11 de abril de 199 7.



Don MANUEL VEIGA RODRIGUEZ, Secretario de Comunidade de Dorna, termo municipal de As Nogais.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 15 de Setembro de 1.996 estando designado Don ELISEO PEREZ SANTIN, Presidente da Comunidade representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Dorna (As Nogais) a oatorce de Xaneiro de mil novecientos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: **Eliseo Pérez Santín.**

Asdo.: **Manuel Veiga Rodríguez.**

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Asdº.: **Eliseo Pérez Santín.**

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: **Antonio Luis Rosón Pérez (O.do 13/12/93)**

D. Eliseo Pérez Santín.

D. Manuel Veiga Rodríguez.

En el lugar de Dorna, parroquia de Noceda, municipio de As Nogais, siendo las trece - horas del día 14 de Enero de 1.997, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Dorna, cuya relación figura al margen.

Cumplíndose el requisito de mayoría que fija la Ley de Galicia - - - 13/1.989, de 10 de Octubre, y conforme con lo acordado por la Comunidad el 15 de - Septiembre del pasado año, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 16 Hás. del monte en mano común de su pertenencia "SERRA DE MONTEIRA", en las que se incluyen las 9 Hás. consorciadas como parte del monte "RETORNO", por el Ayuntamiento de As Nogais y el Patrimonio Forestal del Estado y 7 Hás., sin consorciar, que aportan de nuevo, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "SERRA DE MONTEIRA".

Superficie: 16 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

- N.- Monte "RETORNO", 2715868;
- E.- Más monte de la Comunidad de Dorna y propiedades particulares;
- S.- Más monte de la Comunidad de Dorna y propiedades particulares y
- O.- Monte "RETORNO", 2715868.

PARCELA II.-

- N.- Propiedades particulares;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Término municipal de Pedrafita do Cebreiro y
- O.- Más monte de la Comunidad de Dorna.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le - afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "RETORNO".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

